

<u>Programa:</u>	Programa de actividades da Escola de Actividades Físicas e Saúde de xaneiro a decembro 2023, salvo os meses de xullo e agosto
<u>Destinatarios:</u>	Para poboación en xeral
<u>Duración:</u>	Xaneiro a decembro do 2023
<u>Nº participantes:</u>	O número será o mínimo establecido para cada actividade. Os participantes que non inicien a actividade formarán parte da lista de espera de cada actividade.
<u>Seguro accidentes:</u>	O seguro de accidentes dos participantes se imputará ao seguro de accidentes municipal.
<u>Prezo do curso 22/23:</u>	Os establecidos na táboa anexa, vixentes no acordo regulador núm.3 do prezo público por actividades deportivas. Pasarase ao cobro o prezo mensualmente
<u>Inscrición do curso 22/23:</u>	A inscrición que os interesados presenten é para os meses de xaneiro a decembro 2023, salvo os meses de xullo e agosto, para simplificar a tramitación.
<u>Cadro de Actividades:</u>	Horario, centros nos que se imparte, número mínimo/máximo de participantes e prezo da actividade (sen ter en conta bonificacións ou outras circunstancias).
<u>Prazo de inscrición:</u>	Do 5 ao 16 de decembro en calquera dos rexistros do Concello con cita previa e pola sede electrónica.

ACTIVIDADE	HORARIO	CENTRO	Nº PARTICIPANTES	PRECIO
IOGA	LUNS E MÉRCORES 18.45-19.45	XIMNASIO OLIVER DOCAMPO	25 (min. 8 participantes)	13,00€
TAICHI	MARTES E XOVES 20.30-21.30	XIMNASIO OLIVER DOCAMPO	25 (min. 8 participantes)	13,00€
RELAXACION GRAXAL	LUNS E MERCORES 19.00-20.00	CENTRO SOCIOCULTURAL GRAXAL	20 (min. 8 participantes)	13,00€
RELAXACION BARCALA	MARTES E XOVES 19.00-20.00	CENTRO SOCIO CULTURAL BARCALA	20 (min. 8 participantes)	13,00€
TENIS BREXO	MARTES 21.00-22.00 E SÁBADO 13.00-14.00	P. BERNANDO BISH	10 (min. 5 participantes)	15,50€
X.M CAMBRE	LUNS, MÉRCORES, VENRES 18.15-19.15	P SOFIA TORO	30 (min. 8 participantes)	14,50€
X.M BREXO	LUNS, MÉRCORES, VENRES 19.30-20.30	P. BERNARDO BISH	30 (min. 10 participantes)	14,50€
X.M TEMPLE	LUNS, MÉRCORES, VENRES 21.00-22.00	P. TEMPLE	30 (min. 10 participantes)	14,50€
X.M CAMPONS	LUNS, MÉRCORES, VENRES 19.30-20.30	P. OS CAMPONS	30 (min. 10 participantes)	14,50€
X.M 3ª IDADE TEMPLE	LUNS E MÉRCORES 11.00-12.00	CENTRO 3ªIDADE TEMPLE	20 (min. 5 participantes)	14,50€

X.M 3ª IDADE CECEBRE	MARTES E XOVES 17.30- 18.30	LOCAL SOCIAL LENDOIRO	20 (min. 4 partipantes)	14,50€
X.M 3ª IDADE MEIXIGO	MARTES E XOVES 11.00-12.00	CASA DO POBO	20 (min. 5 partipantes)	14,50€
X.M 3ª IDADE STA MARIA VIGO	LUNS E MÉRCOLES 17.15- 18.15	CENTRO 3ª IDADE STA MARIA DE VIGO	20 (min. 5 partipantes)	14,50€

SORTEO: Naquelas actividades nas que o número de inscritos no prazo indicado sexa maior que o número de prazas ofertadas, realizarase un sorteo para a selección dos alumnos participantes ás 12.00 horas do 20 de decembro.

Coas inscricións non agraciadas formarase listaxes de agarda por actividade, ás que se unirán por orde de entrada ás presentadas logo do 16 de decembro.

A listaxe provisional de admitidos publicarase na páxina web do Concello o 21 de decembro. Abrirase un prazo dende o 21 ao 23 de decembro para calquera baixa, e o 26 de decembro publicarase a listaxe definitiva.

INICIO DAS ACTIVIDADES: As actividades que teñan o número mínimo de inscritos comezarán a partir do 9 de xaneiro de 2023, manténdose aberta a inscrición durante todo o ano para todos aqueles interesados en participar nas mesmas.

BAIXAS: O alumno perderá o dereito a praza, na actividade inicialmente adxudicada, cando as súas faltas de asistencia superen o 75% das sesións dun mes determinado ou o 50% en dous meses consecutivos, sempre que non sexan xustificadas debidamente mediante o seguinte correo: deportes@cambre.org

As solicitudes de baixa deberán realizarse por escrito nos Rexistros municipais ou por correo electrónico antes do 20 do mes anterior ao mes no que queira causar baixa.

PREZOS: Os establecios na táboa anexa, vixentes no acordo regulador núm.3 do prezo público por actividades deportivas. Pasarase ao cobro o prezo mensualmente. A contía dos prezos públicos aos que se refire este acordo, verase reducida na porcentaxe que se sinala en cada un dos seguintes supostos:

- As persoas que acrediten formar familia numerosa, o 50% da cota en cada actividade.
- Cando se inscriban 3 o máis participantes dunha mesma unidade familiar nun mes ou programa deportivo, aplicarase o desconto do 50% nas cotas correspondentes aos menores de idade.
- As persoas de 55 anos ou máis, o 25% da cota.
- As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistro do paro (entregar copia da tarxeta do paro actualizada durante toda a actividade) ou, no caso de menores de idade, ambos os dous progenitores/titores, terán unha bonificación do 30% da cota.
- As persoas pertencentes os voluntariado do Concello de Cambre terán unha bonificación do 30% da cota.
- As persoas que acrediten debidamente ser posuidores de carne xove ou TarxeTOM (entregar copia dos mesmos), terán unha bonificación do 20% da cota.
- As persoas que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da tarifa correspondente, segundo informe dos Servizos Sociais do Concello, o 100% da cota.

- Terán unha bonificación do 100% na cota de ximnasia de mantemento (sen limitación de renda) as persoas en estado de viudez e, de forma xeral, as de 65 anos ou máis anos.

As reducións anteriores só serán de aplicación para aquelas persoas que figuren empadradadas no municipio de Cambre, excepto as correspondentes ás posuidoras de carne xove ou TarxeTOM.

A documentación xustificativa das reducións deberá presentarse no momento de efectuar a inscrición, de non ser así, a referencia para o cálculo das tarifas correspondentes será a data na que se presente con posterioridade.

As persoas doutros municipios inciribíranse en listaxe de agarda por se quedasen prazas sen cubrir entre os veciños do Concello de Cambre, debendo aboar un suplemento do 50% sobre as tarifas.